

CONVOCATORIA DE COORDINACIÓN DE TITULACIÓNS DE MESTRADO UNIVERSITARIO (2017)

O Consello de Goberno na súa sesión do 21 de marzo de 2013 aprobou as [Bases para a Mellora e Internacionalización da oferta académica de mestrados da Universidade da Coruña](#) que regulan a dotación de incentivos académicos á coordinación. No documento establécense unha serie de obxectivos que deberán cumprir os mestrados e acórdase que a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións realizará a correspondente convocatoria para determinar o grao de cumprimento dos obxectivos de cada un dos mestrados da UDC, utilizando para valorar a súa consecución a mellora nos eixes estratéxicos de estabilidade, internacionalización, excelencia e cooperación.

Os centros que participen nesta convocatoria comprométense a cumprir os requisitos do/s obxectivo/s no que se enmarque o mestrado así como o resto das bases para a mellora e internacionalización da oferta académica de mestrados da Universidade da Coruña

As funcións do profesorado coordinador serán a coordinación, xunto coa comisión académica, e o seguimento do título coa implantación dos sistemas de garantía de calidade indispensables para o seguimento e acreditación do título de mestrado. A xestión académica e o apoio administrativo ao seguimento serán realizadas polas unidades administrativas dos centros.

A dirección do centro que se acolla a esta convocatoria deberá presentar cuberto para cada mestrado o impreso que se xunta. Aos efectos da valoración do cumprimento dos criterios de cada obxectivo terase en conta a situación do mestrado unha vez finalizado o último prazo de matrícula. Non é preciso remitir documentación complementaria que, de ser necesaria, será solicitada pola Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

O prazo de presentación das solicitudes rematará o 13 de outubro de 2017 e se poden utilizar os Rexistros da UDC ou ben a través do seguinte enderezo electrónico voaid@udc.gal.

A resolución será comunicada á dirección do centro, que poderá recorrer a decisión perante o reitor.

Unha vez rematado o procedemento o reitor procederá ao **nomeamento da proposta realizada polo centro como único Coordinador/a do Mestrado Universitario** por un período de 24 meses (a partir do 1 de outubro de 2017).

A Coruña, 29 de setembro de 2017

Nancy Vázquez Veiga

Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente



COORDINACIÓN DE MESTRADOS

DATOS DO TITULO

Mestrado:

Centro:

Coordinador/a proposto:

Apellidos: Nome:

Data aprobación Xunta de Centro E-mail

Obxectivo proposto polo centro:

☐ Estabilidade

☐ Internacionalización:

- ☐ Mestrados conxuntos, dobres ou múltiples
- ☐ ERASMUS Mundus
- ☐ Captación de estudantes estranxeiros

☐ Excelencia

☐ Cooperación

- ☐ Coordinador
- ☐ Participante

Observacións:

O/a decano/a ou director/a do centro

Asdo.:

Data:

Informe vicerreitor:

Asdo.:

Data:

Informe (a cubrir pola Vicerreitoría):

☐ Favorable ☐ Desfavorable Proposta: _____

Xustificación: